

Perífrases verbais con valor deónico no discurso paremiolóxico: unha perspectiva diacrónica

Verbal periphrasis with a deontic meaning in paroemiologic discourse: a diachronic overview

Patricia Fernández Martín

Universidade de Vigo
pafernandez@uvigo.es

Resumo: O obxectivo do traballo é afondar no estudo diacrónico das perífrases verbais más comúns do castelán con valor deónico (*haber de + infinitivo*, *haber que + infinitivo*, *tener que + infinitivo*, *deber [de] + infinitivo e poder + infinitivo*), empregando como base textual diversas recadádivas paremiolóxicas (*Los refranes que dizan las viejas tras el fuego*, atribuído ao Marqués de Santillana; o *Vocabulario de Refranes i Frases Proverbiales i otras Formulas comunes de la lengua castellana* de Correas e o *Refranero Multilingüe* do Instituto Cervantes). Para iso, nunha primeira fase ofrecemos as premisas metodolóxicas baseadas en tres pilares teóricos: a paremia como texto (corpus lingüístico), as perífrases deónicas como obxecto de estudo e a filosofía moral como ferramenta de análise taxonómica. Na segunda parte do artigo faise un estudio lingüístico das perífrases segundo o método da gramática histórica: primeiramente, ofrécense os datos pertinentes sobre cada unha das obras, dende unha perspectiva sincrónica; e, a continuación, estúdanse as relacións entre as paremias con perífrases dende unha perspectiva diacrónica. As principais conclusións resaltan a relevancia das paremias para coñecer en maior profundidade a historia da nosa lingua, entre outros motivos, porque estas constitúen un xénero textual que permite unha comparación diacrónica nos diversos estadios do idioma.

Palabras clave: Cultura, lingüística, gramática, sintaxe, linguas románicas, español, cambio lingüístico, paremia, perífrases verbales

*Abstract: The aim of this paper is to broaden the diachronic study of the most common Spanish verbal periphrasis with a deontic meaning (*haber de + infinitivo*, *haber que + infinitivo*, *tener que + infinitivo*, *deber [de] + infinitivo e poder + infinitivo*), with a textual basis of various paroemiologic compilations (*Los refranes que dizan las viejas tras el fuego*, attributed to Marqués de Santillana; *Vocabulario de Refranes i Frases Proverbiales i otras Formulas comunes de la lengua castellana* by Correas; and *Refranero Multilingüe* by the Instituto Cervantes). To carry on this study, we offer*

Data de recepción: 22.10.2014. Data de aceptación: 26.12.2014.

in the first part the methodological assumptions based on three theoretical pillars: paroemia as a text (linguistic corpus), deontic periphrases as the object of study, and moral philosophy as a tool for taxonomic analysis. In the second part of the article, we carry on a linguistic study of the periphrases according to the method of historical grammar. Here, we first provide relevant data about each text from a synchronic perspective, and then explore the relationships among paroemias with periphrases from a diachronic point of view. The main conclusions highlight the relevance of paroemias in order to know more about the history of the Spanish language, among other reasons, because these conclusions form a genre that allows a textual comparison through several stages of the language.

Keywords: Culture, linguistics, grammar, syntax, Romance languages, Spanish, linguistic change, paroemia, verbal periphrases.

1. Introdución

O obxectivo deste artigo é afondar no estudo das perífrases verbais españolas con valor deónico, empregando como base textual diversas recadádivas paremiolóxicas. En concreto, trátase de aplicar o método da gramática histórica ao estudo lingüístico das paremias españolas, é dicir, tomar estas como tipo de discurso, útil *per se* como corpus, sobre cuxa historia poder observar a evolución dos valores das perífrases verbais que expresan modalidade deónica.

Con este fin, seleccionáronse as principais perífrases con significado de obriga, como son *haber de* + infinitivo, *haber que* + infinitivo, *tener que* + infinitivo y *deber [de]* + infinitivo, ademais da polisémica *poder* + infinitivo (Gómez Torrego, 1988; 1999; Gómez Manzano, 1992; RAE, 2009: cap. 28; García Fernández, 2006). Dado que a perspectiva que pretendemos ofrecer é diacrónica, traballouse cun corpus paremiolóxico que consta de catro obras: *Los refranes que dizen las viejas tras el fuego* (en adiante, *MS*), na edición de Bizarri (2001), en representación do español medieval; o *Vocabulario de Refranes i Frases Proverbiales i otras Formulas comunes de la lengua castellana* de Correas (en adiante, *Correas*), segundo a primeira edición de 1906 (Sevilla Muñoz, 1996), en representación do español clásico; e o *Refranero Multilingüe* do Instituto Cervantes, como representante do español actual (en adiante, *RM*). A recopilación de Sevilla e Cantera (2008) completa parcialmente a todos estes, dado que ofrece un percorrido histórico pola paremiología española, e por elo empregamos todos os capítulos, especialmente para a análise comparativa (en adiante, *SC*). O único capítulo excluído é o que alude ao refrán no ámbito hispano, por cuestiós de coherencia metodolóxica, relacionadas coas variedades dialectais¹.

A investigación consta de dúas fases. Por unha parte, ofrécese a explicación teórica das premisas adoptadas, que inclúe a consideración discursiva das paremias (cfr. § 2.1), a descripción dos valores deónicos das perífrases elixidas, con pinceladas diacrónicas que

¹ Ao longo do traballo aparecerán algunas paremias seguidas polas siglas á que refieren as obras e dun número. No caso de Sevilla y Cantera (2008) e Correas, dito número refírese á páxina da edición referenciada na bibliografía final. No caso da recadádiva atribuída ao Marqués de Santillana, a cifra segue a numeración de Bizarri (2001). As localizadas no *Refranero Multilingüe* carecen de numeración.

facilten a comprensión do seu funcionamento no español actual (cfr. § 2.2), e a base filosófica da taxonomía proposta para as perifrases (cfr. § 2.3). Por outra parte, ten lugar o estudio das perifrases, no que se segue o método da gramática histórica: exposición dalgúns datos dende unha perspectiva sincrónica que atravesa diversas etapas (cfr. § 3) e interpretación das relacións entre as paremias con perifrases dende unha perspectiva diacrónica (cfr. § 4). As conclusíons, nas que se alude, entre outros, á importancia do texto paremiolóxico como fonte do coñecemento gramatical que atravesa a historia da lingua, pechan o traballo.

2. Marco teórico

2.1. O corpus: a paremia como texto

Conocida de sobra é a función textual que implica aquel “enunciado breve, sentencioso, consabido, de forma fija y con características lingüísticas propias” (Sevilla, 1993: 16) que é a paremia: enunciado, porque ten necesariamente forma fonolóxica, morfolóxica, sintáctica e semántica (cfr. § 2.3); “breve”, porque non se precisan moitas palabras para acadar o éxito comunicativo (Cueto Vallverdú, 2002); “sentencioso”, porque encerra o coñecemento popular de séculos de historia (Conca, 1987; Aguilar Ruiz, 2011; Penadés Martínez, 2006; Sevilla e Cantera, 2008); “consabido”, porque se precisan igualmente anos de experiencia lingüística común para aprendelo, comprehendelo e empregalo; “de forma fija” porque pertence ao lexicón, o que o fai tan só comprensible como un todo; e “con características lingüísticas propias”, de forma similar a calquera acto de fala que teña a suficiente forza sociocognitiva (Conca, 1987; Cueto Vallverdú, 2002) como para converterse nun texto *per se*, como amosa o feito de que se poida analizar seguindo as pautas da gramática do texto (Conca, 1987: 49-90).

En efecto, seguindo a liña teórica dos actos de fala, cómpre entender cada refrán como un texto (un [macro]acto de fala), que conta cunha dimensión locutiva (a estrutura sintáctica, semántica, morfolóxica e rítmica), certa forza ilocutiva (ameazar, advertir, esixir, explicar–, dependendo sempre do contexto) e diversos efectos perlocutivos (asustar ao receptor, facerlle reflexionar, guiar a súa conduta...). O primeiro nivel, o locutivo, dependente estritamente do código, atoparíase no nivel do enunciado, mentres que os outros dous, de corte pragmático, acharíanse analíticamente no da enunciación (Conca, 1987: 21, 93; cfr. § 2.3).

Dende esta perspectiva, se consideramos soamente o seu enunciado en tanto acto locutivo, a paremia pode ser descriptiva ou prescritiva (Conca, 1987: 23-26). No primeiro caso, os refráns definen feitos segundo a experiencia, a observación ou o razonamento inducido, sen emitir ningún xuízo de valor, como aqueles nos que se fai referencia a fenómenos naturais ou se expresan coñecementos sobre a vida no campo (*Año de nieves, año de bienes* [RM]). No segundo, as paremias transmiten un ensino moral, co fin de guiar a conduta social, como adoita ocorrer naquellos procedentes de sermons, sentenzas de maxistrados, xuíces ou mestres, ou da literatura clásica (*Quien mucho habla mucho yerra* [RM]).

O grupo que nos vai a interesar aquí é, está claro, o segundo, xa que, dado o valor deónico das perifrases verbais elixidas (cfr. § 2.2), o máis esperable é que non haxa posibilidade de interpretar as paremias nas que aquelas aparecen dunha forma sinxelamente descriptiva. Así mesmo, debido a que non cabe, cos enunciados prescriptivos, aplicar a visión de verdade ou falsedad, comprobable mediante a súa extrapolación da proposición á realidade extralingüística, como se fai cos descriptivos (Conca, 1987: 25), o xeito que imos ter de medir o grado de “deonticidade” de cada paremia pasará por unha base filosófica de corte fundamentalmente neokantiano (cfr. § 2.3), dada a complexidade de afrontar unha análise rigorosa que abranga todos os contextos de situación (Nystrand, 1986) nos que se viron inmersas as paremias que nos interesan.

Noutras palabras, debido a que pretendemos realizar un estudo diacrónico das perifrases seleccionadas, pero á vez somos conscientes de que non é posible, dende a perspectiva metodolóxica da análise lingüística, acudir a *todos os* usos das paremias nas que aparezan perífrasis (todas elas con valor prescritivo), que aconteceron ao longo da historia da lingua española, entendemos que o emprego dos refraneiros utilizados pode ser útil para acceder a elas, posto que funcionan *per se* como xénero discursivo. Neste traballo, pártese dunha consideración textual do refrán, non tanto en relación con outros elementos do discurso (Penadés Martínez, 2006), senón como conformante dun acto de fala propio, portador de sentido con coherencia sintáctica, semántica e pragmática, que constitúe por si só unha unidade discursiva, recoñecible polos falantes do mesmo contexto sociocultural (Conca, 1987: 15) e que actúa no discurso como acto de fala autónomo (Aguilar Ruiz, 2011: 18). Non é de sorprender que, baixo a premisa da moderna teoría das tradicións discursivas (Kabatek, 2008), as paremias se vaian analizar dun xeito semellante a como se fixo coas crónicas de Indias, os pasos teatrais, as cartas de relación ou os textos ensaísticos (Fernández Martín, 2013, 2014), un conxunto de actos de fala en consonancia co contexto doutros macroactos de fala. A principal diferenza, non obstante, entre o discurso paremiolóxico e o resto de discursos atópase en que ao longo da historia do español as paremias non deixan de ser *elas mesmas*, polo que se poden estudar sen temor a que a comparación diacrónica non sexa rigorosa, a diferenza do que ocorre con outros discursos nos que, conformantes dun xénero textual, os actos de fala son múltiples e variados.

A modo de ilustración, cómpre dicir que un soneto de Lope de Vega pode compararse dende unha perspectiva lingüística cun soneto de Pablo Neruda, para estudar os trazos que se desexen, pero sempre haberá que entender ámbolos poemas como un tipo de xénero discursivo formado por diversos actos de fala que nunca serán *exactamente* iguais entre si, polas evidentes diferenzas diatópicas, diacrónicas, diafásicas e idiolectais. Pola contra, unha paremia como *Al ruyn dalde vn palmo y tomara quatro* (MS, 62) será sempre a mesma paremia, pese aos posibles cambios formais, polo que se prestará a unha comparación lingüística exacta, allea aos problemas habituais referentes á validez na selección do corpus empregado (Enrique-Arias, 2009; Fernández Martín, 2014). A natureza fosilizada das paremias non impide, como veremos (cfr. § 4),

que se presten a unha análise morfosintáctica, centrada nas perífrasis verbais que explicamos a continuación.

2.2. O obxecto de estudo: as perífrasis verbais con valor deónico

Debido aos problemas que incumben ao concepto de perífrase verbal (Gómez Torrego, 1988, 1999; Gómez Manzano, 1992; García Fernández, 2006), asumimos aquí a definición de Hella Olbertz (1998: 32), segundo a cal unha perífrase é a combinación indisoluble e produtiva, por unha banda, dun verbo conjugado que funciona como auxiliar e, por outra banda, dun verbo en forma non persoal (infinitivo, xerundio ou participio), onde o verbo conjugado concorda morfolóxicamente co rol semántico de axente esixido polo verbo en forma non persoal. Isto supón que deixamos de lado aquelas paremias nas que o verbo modal careza de infinitivo explícito (*El rey va do puede y no do quiere* [MS, 296]) ou nas que funcione como verbo pleno (*No le debemos centeno y pónenos ceño* [Correas, 225]).

Diacronicamente, o grao de fusión entre os verbos vai modificándose de acordo co proceso de gramaticalización (Heine, 2003), polo que asumimos parcialmente as perífrases con valor obligativo que xa se mencionan en Yllera (1980): *haber de* + infinitivo, *haber que* + infinitivo, *tener que* + infinitivo, *deber* /*de*/ + infinitivo e *poder* + infinitivo. Vexamos brevemente a historia de cada unha.

Haber de + infinitivo atópase claramente relacionada con outras cadeas de gramaticalización do verbo HABEO latino (Girón Alconchel, 2005), que durante a Idade Media orixinaron diversas estruturas (Yllera 1980: 92-97): *aver* + infinitivo (expresaría necesidade ata o século XV, cando empezaría a indicar o futuro ou o condicional en contextos pospostos: *comer he > comeré*); *aver a* + infinitivo (pasaría de expresar a finalidade ou o propósito a denotar obriga) e, finalmente, *aver de* + infinitivo (tería a súa orixe na estrutura *aver* + sustantivo + *de* + infinitivo, que primeiro denotaría finalidade e, posteriormente, obriga).

A orixe de *haber que* + infinitivo atópase probablemente naquelas estruturas nas que que non é unha conxunción, senón un pronombre interrogativo que non funciona como nexo senón como complemento directo do verbo en infinitivo, ao que complementa (Yllera, 1980: 109; Fernández Martín, en prensa).

En tanto a *tener que* + infinitivo, pouco frecuente ata o Século de Ouro, cómpre mencionar a estreita relación semántica deste verbo auxiliar con *haber*, especialmente no último terzo do século XIII, cando *haber de* era a perífrase de obriga dominante. Aínda que o proceso con *aver* comezaba con *aver* + infinitivo, seguía con *aver a* + infinitivo e remataba con *aver de* + infinitivo, agora podemos comprobar como con *tener* acontece a inversa: *tener de* + infinitivo (co significado de conveniencia ou necesidade atenuada) manterase ata o século XV, convivindo con *tener a* dende o XIV, a cal competía con *aver a* + infinitivo; e finalmente acharemos *tener* + infinitivo, que xorde no século XV, en usos parecidos aos de *aver* + infinitivo (Yllera 1980: 111).




Figura 1. Lectura non perifrásica do segundo membro da paremia (Fonte: Analizador morfosintáctico Mystilus)

De feito, a relación entre *haber* e *temer* pode comprobarse nos problemas estruturais que suscitan as perifrases nas que aparece un ou outro, como intentamos demostrar con dúas paremias recollidas, presumiblemente, polo Marqués de Santillana: *Fue la negra al baño y tuuo que contar todo el año* (318) e *El temor muchas veces espanta do no ay que temer* (424).

Así, a propensión do castelán a confundir fácilmente a estrutura interrogativa ('tuvo qué contar') e a estrutura relativa ('tuvo cosas que contar'; Girón Alconchel, 1988: § 3.2.1.2) dificultan a interpretación gramatical da primeira paremia, *Fue la negra al baño y tuvo qué contar todo el año*. Nós inclinámonos por entender que *qué* difícilmente pode ser interpretado como unha conxunción, xa que iso deixaría ao verbo *contar* sen un argumento esencial para completar o seu significado, como é o CD, dando así lugar a unha oración agramatical (**Tuvo que contar todo el año*). Nesta paremia, polo tanto, non hai perífrase verbal, polo que entendemos que unha correcta interpretación ecdótica, baseada nas normas ortográficas do español actual, esixiría a acentuación

de *que*, xa que, como vemos, non pode lerse como convención, senón unicamente como pronoméntico interrogativo con toda a carga semántica (obxecto) que iso implica.




Figura 2. Lectura perifrásica do segundo membro da paremia (Fonte: Analizador morfosintáctico Mystilus)

No segundo exemplo, con todo, son posibles ámbalas lecturas. Por unha banda, pode interpretarse *que* como un pronoméntico interrogativo que funcione como CD do verbo en infinitivo, *temer*, e deste xeito activa o seu significado transitivo, “tener a alguien o algo por objeto de temor” (DRAE), o que implica que a paremia alude ao feito de que realmente non existe ningún obxecto ao que temer (cfr. figura 1). Pero, doutra banda, pode interpretarse *que* como unha convención, e deste xeito daría lugar a unha perífrase que permite unha lectura claramente deóntica da paremia, baseada no significado intransitivo do verbo *temer* “sentir temor” (DRAE), que facilita o seu funcionamento sen CD explícito, parafraseable entón por *no conviene sentir temor* (cfr. figura 2), e focaliza o significado sobre a conveniencia (perifrásico) e non sobre a existencia do temible elemento (non perifrásico). Para este traballo, eliximos a lectura perifrásica naquelhas paremias de estrutura semellante nas que esta sexa posible, aínda que ambigua, tanto con *tener* como con *haber*, polo que descartamos da nosa análise as do tipo *Fue la negra al baño y tuvo qué contar todo el año* (Correas, 296); *Aquel pierde feria, que no tiene qué llevar a ella* (Correas, 61) ou *En la casa do no hay qué comer, todos lloran y no saben de qué* (Correas, 114) e incluímos as semellantes a *El temor muchas veces espanta do no ay que temer* (MS, 424); *Do no ay posibilidad, no ay que esperar* (MS, 438) e *Duro güeso tiene que roer* (Correas, 294).

Con respecto a *deber* (*de*) + infinitivo, cuxa distinción académica entre o epistémico e o deóntico (Gómez Torrego 1999: 3348 ss; RAE 2009: § 28.6k) é claramente artificial (Yllera 1980: 140; Gómez Manzano, 1992: 161 ss; Fernández de Castro, 1999: 172-184), ten as súas raíces na construción latina DEBERE + infinitivo, que indicaba

unha suposición ou crenza, e ao comezar a empregarse para expresar conjecturas, puido conformar o primeiro paso do que logo se acabou convertendo na expresión da posibilidade e a probabilidade (Yllera, 1980: 129; Martínez Díaz, 2010: 71 ss), polo que comezaría expresando primeiro valores deónicos e, despois, pasaría a expresar os epistémicos (Elvira, 2004).

Finalmente, no español actual *poder* + infinitivo pode expresar unha modalidade facultativa (*No se puede hacer tortilla sin romper los huevos*), epistémica (*Persona envidiosa no puede ser dichosa*) ou deónica (*Nadie puede ser juez y parte*), en función de si é parafraseable por “ser capaz de”, “es {possible/probable} que” ou “se tiene {permiso para/derecho a}”, respectivamente (Gómez Torrego, 1988: 98; 1999: § 51.3.1.6; Gómez Manzano, 1992: 144; RAE, 2009: § 28.6w-28.6e). Como sucede con *deber* (*de*) + infinitivo, o más probable é que comezase a expresar o significado facultativo, de aí pasaría ao deónico e acabaría desenvolvendo o epistémico, a partir de contextos moi marcados (Elvira, 2006). No entanto, debido á forte relación diacrónica dos tres significados (Yllera, 1980: §§ 2.2.2.5, 2.2.3.2; Elvira, 2006), a distinción entre eles non é sempre o suficientemente clara como para decantarse por un con total seguridade en cada paremia (Martínez Álvarez, 1977).

2.3. A taxonomía: modalidade deónica, funcionalismo e filosofía moral

Entendemos por modalidade a posición do interlocutor ante o mesmo feito que pretende explicar, ben con relación á verdade do contido da proposición que formula (modalidade do enunciado ou *proposition*), ben con relación á actitude dos participantes no acto mesmo da enunciación (modalidade da enunciación ou *proposal*) (Ridruejo, 1999: 3211-3213; Moreno Cabrera, 2004: 201; Halliday e Mathiessen, 2014: 172).

Pola natureza eminentemente textual das paremias (Penadés Martínez, 2006: 296; Conca, 1987: 17; cfr. § 2.1), así como o seu valor cultural como pautas de conducta, especialmente no caso das de carácter moral (Sevilla e Cantera, 2008: 26), que son as que van constituir o noso corpus na súa maioría, entendemos que nos atopamos de a cabalo entre o nivel do enunciado (*proposition*) e o nivel da enunciación (*proposal*, en términos de Halliday e Muthiessen [2014: 177-178]). Así, mentres no nivel do enunciado se dan catro modalidades (alética, epistémica, deónica e existencial), no da enunciación existen o que podemos considerar dous polos dun *continuum*: a modalidade que pretende causar un cambio condutual físico no interlocutor, que adquirirá un modo imperativo; e a que busca un cambio condutual psíquico nel, habitualmente en modo enunciativo ou declarativo (Ridruejo, 1999: 3212; Moreno Cabrera, 2004: 201). No centro do continuo atoparíase a modalidade interrogativa, segundo a cal o falante pretende influir físicamente no oínte, aínda que de xeito simbólico (Moreno Cabrera, 2004: 202).

Estas modalidades (declarativa, imperativa e interrogativa), que aparecen explicita ou implicitamente nas paremias (*El amor todo lo puede*: declarativa; *A la mujer y al mar has de respetar*: imperativa; *La hija de la cabra, ¿qué ha de ser sino cabrita?*: interrogativa), en función do contexto concreto no que se produzan e tendo en conta,

xa que logo, a intención do falante, o ámbito cognitivo compartido polo interlocutor, as relacóns de poder que se estableceron entre eles e os valores culturais da mesma paremia (Cueto Vallverdú, 2002), conviven coas do enunciado (alética, epistémica, deóntrica e existencial), que constitúen o nivel explícito da modalidade, é dicir, a posibilidade de expresar lingüísticamente a intencionalidade do acto de fala que comparten o resto dos textos.

Noutras palabras, asumimos que as paremias nas que aparecen as perífrases verbais seleccionadas (cfr. § 2.3), que son as que van constituir o noso corpus, se empregan no nivel pragmático (*enunciación, proposition*) para modificar a conduta do interlocutor, sexa a nivel físico, sexa a nivel psíquico, o que as ancora a unha serie de contextos de producción concretos (Nystrand, 1986). Pero, simultaneamente, a aspiración universal das paremias plásmase na modalidade do enunciado, compartida co resto dos textos producidos pola lingua, no noso caso, a española, de maneira que se debe interpretar que a modalidade da enunciación (nivel pragmático) se codifica gramaticalmente na modalidade do enunciado (nivel semántico). Dentro dos tipos de modalidade do enunciado, escollemos o deóntrico, porque é o que máis fácilmente se plasma no noso obxecto de estudo morfosintáctico, as perífrases verbais.

En efecto, esta modalidade achega unha avaliación sobre as condicións nas que se establece a verdade do predicado, pero supón unha expresión dasas condicións baixo as premisas dun sistema normativo creado socioculturalmente, no que se atopan os interlocutores (Ridruejo, 1999: 3214), considerados individuos moralmente responsables e axentes socialmente capacitados (Lyons, 1980: 754).

É esa diferenza entre a responsabilidade moral e individual e as implicaciones sociais das decisións o que nos vai a permitir distinguir entre catro tipos de modalidade deóntrica ou *modulation* (Lyons, 1980: § 17.5; Traugott e Dasher, 2002: 109 ss; Halliday e Matthiessen, 2014: 178): a obriga, que será externa (natural ou social) ou interna (moral); a prohibición, que igualmente pode ser externa (natural ou social) ou interna (moral); a exención (ou non necesidade) e a necesidade.

A obriga externa aparecerá naqueles casos nos que poidamos demostrar que a acción denotada pola forma en infinitivo é independente da vontade do individuo (que supón obriga interna ou moral), o que pode implicar ben unha obriga natural, na que o axente non ten liberdade de elección, como ocorre na *Al pajarillo que se ha de perder, alillas le han de nacer* (RM); ben unha obriga social, onde a perífrase alude a un evento que só cómpriría cumplir si se entendese dentro dun contexto sociocultural concreto, como ocorre en *El deudor no se muera, que la deuda pagarse a* (MS, 253), xa que leva á imaxe dunha sociedade utópica (unha comunidade moral) na que non haxa que pagar a débeda, polo que non se lle pode dar presunción de universalidade nin, moito menos, de naturalidade.

Ao operar deste xeito, estamos aplicando distintos aspectos da ética kantiana á clasificación deóntrica das perífrases verbais aparecidas nas paremias que pretendemos estudar. En primeiro lugar, damos por feito que o elemento máis importante para

considerar que unha acción se está facendo de forma obrigada é a ausencia de liberdade, xa que esta constitúe a esencia do ser humano (Díaz Álvarez, 2007: 416), como ocorre nas paremias que expresan a obriga natural xa aludida, do tipo *La hija de la cabra, ¿qué ha de ser sino cabrita?* (RM; Sevilla y Cantera, 2008: 182), *La oveja que ha de ser para el lobo, es fuerza que lo sea* (RM) ou incluso na primeira parte de *La abeja que miel te da, también tiene que yantar; al meter la catadera, piensa lo que has de dejar* (Sevilla e Cantera, 2008: 235), onde non hai elección posible para (non) levar a cabo a acción denotada polo infinitivo (*yantar*). Xa que logo, non pode haber xuízo moral que efectuar sobre esas accións, nin responsabilidades que esixir tras realizarlas, xa que, como dicimos, non houbo alternativa (Muguerza, 2007).

En segundo lugar, estamos utilizando a diferenza que o filósofo de Königsberg realizou implícitamente entre o interese moral e o interese egoísta que move ás accións humanas: o primeiro interésase pola mesma acción, independientemente das súas consecuencias e tomada como boa en si mesma (o deber polo deber), mentres o segundo busca os resultados que máis lle satisfagan a el, nunha concepción utilitarista dos medios (Cortina, 2007: 387). Por isto, os imperativos hipotéticos poden ser útiles para obrar prudentemente segundo un interese egoísta que supoña desexar alcanzar un fin concreto (*Por bien estar, mucho se ha de andar* [RM], *Quien a su can quiere matar, rabia le ha de levantar* [RM], *Si quieres buenos nabos, en julio has de sembrarlos* [RM], *Para presumir hay que sufrir* [RM]), ligado, indirectamente, sempre ao social, xa que dentro diso é onde se constrúe a relación que se ha de establecer entre os medios e os fins.

Pola contra, en terceiro lugar, o imperativo categórico ha ser autónomo, de forma que a autonomía moral supoña que só uno mesmo pode dictarse a si mesmo a súa propia lei moral (Muguerza, 2007: 101), ao estilo da *inclination* funcional (Halliday e Mathiessen, 2014: 178). Por iso, devandito imperativo categórico pode utilizarse, tendo presente a aspiración á universalidade de toda lei moral (“Obra só segundo unha máxima tal que poidas querer ao mesmo tempo que se torne lei universal”, Immanuel Kant, *Fundamentación para una metafísica de las costumbres*, apud, 2007: 102), para determinar que é o deber polo deber, como en *A los amigos, hay que cuidarlos* (RM). Isto á súa vez implica, naturalmente, un individualismo ético, segundo o cal o responsable dos actos é o individuo que os realiza e non a cultura ou a sociedade onde vive (Díaz de Rada, 2010: cap. 6).

Xa que logo, para diferenciar as paremias de obriga externa das de obriga interna, recorremos á aspiración a universal que ha ter a acción denotada polo infinitivo da perífrase. O feito de que apareza a segunda persoa do singular (*tú*), pode implicar un intento de facer explícito ese ente autónomo, responsable e libre que é o ser humano ao que se dirixe o refrán; con todo, o esencial, ao noso xuízo, é que devandito evento sexa universalizable, como en *A los amigos, hay que cuidarlos* (RM) ou en *A la mujer y al mar has de respetar*, o que permite unha interpretación de obriga interna, que non se pode expresar mellor que como rexistra Correas: *Has de hacer, no lo que quieras, sino lo que debes* (Correas, 55).

Se nalgún momento existe a dúbida acerca da verdadeira universalización do indicado polo infinitivo, entón podemos recorrer ao defendido pola ética do discurso de Apel (1985) e Habermas (1989), entre outros, segundo a cal non habería que considerar universalmente válida unha máxima que a un lle pareza adecuada para vela convertida en universal, senón que cumpriría someter dita máxima á consideración de todos os demais, para comprobar discursivamente a súa pretensión de universalidade (Muguerza, 2007: 106; Cortina, 2007: 397 ss). Deste xeito, exemplos xa mencionados como *A los amigos, hay que cuidarlos* (RM) ou *A la mujer y al mar has de respetar* (RM), non se deben entender únicamente dende a obriga socialmente ancorada a un grupo concreto, senón que vale a pena comprehendelos dentro do universal, xa que nun mundo hipotético no que todos puidésemos debatelo (unha comunidade dialóxica) e, por iso, poñernos de acordo, o máis probable é que ningún colectivo social se rebelase contra unha máxima cuxas consecuencias, dende a perspectiva kantiana, non poden facer dano a ninguén, é máis, ata, poden mellorar o seu estilo de vida.

Pola contra, unha paremia do tipo *El enamorado y el pez, frescos han de ser* (RM), non pode interpretarse baixo a máxima neokantiana da ética do discurso, xa que resulta pouco probable que todos os seres humanos estean de acordo na obriga interna que supón a frescura do namorado e o peixe (por exemplo, os vendedores de peixe conxelado poden discrepar). Neste caso, a paremia estaría expresando, simplemente, unha necesidade, o que atenua o carácter obrigativo da perífrase e afástaa do seu valor prototípico, para achegala a unha suxestión ou consello, claramente atenuante de devandita obriga.

A outra cara da moeda da necesidade é a exención, que tenderá a aparecer naquelas paremias con perífrases negadas, cuxo afán de universalidade fracasará, pola mesma esencia trivial da acción denotada polo infinitivo. Por exemplo, o caso de *No hay que empezar la casa por el tejado* non parece indicar nin unha obriga externa (o individuo sempre ten a opción de empezar polo tellado), nin unha interna (non parece adecuado entender como universalizable o feito de non empezar a casa polo tellado, como podería testemuñar calquera que, sen ningunha dúbida, o fai constantemente na súa vida diaria, aínda que sexan conscientes das súas consecuencias), polo que nos atopamos no plano do conveniente, aconsellable ou suxerible, útil para acadar o ben, pero nunca obrigatorio porque non ten implicacións de xustiza universal (Cortina, 2007: 388).

A principal diferenza, entón, entre a (non) necesidade (ou o consello ou a suxestión) e calquera tipo de obriga atópase no concepto mesmo de felicidade establecido por Kant: se entendemos que alcanzala supón realizar o deber pola sinxela razón de realizalo, engadindo a importancia que se lle dá na súa ética ao universalizable, non nos podemos extrañar pola definición que ofrece de felicidade, entendida como o deber ao que ha de aspirar a vida humana: “la propia perfección y la felicidad ajena” (Muguerza, 2007: 108). Si alguén empeza a casa polo tellado, desoíndo o indicado pola paremia, vai en contra da súa propia felicidade, é dicir, do seu propio fin esencial, e non resulta aquilo bo no sentido aristotélico (Cortina, 2007: 382 ss); pero se alguén deixa de respectar á muller ou ao mar, pode ocasionar dor na outra persoa, o que supón entón ir en contra do seu propio deber e, xa que logo, esnaquizar o seu propio achegamento á felicidade.

Por iso é polo que entre as segundas incluamos as paremias con valor de obriga, e entre as primeiras, as de necesidade, prestando indirectamente atención ás consecuencias de non cumplir co dito na paremia.

Finalmente, a prohibición debe funcionar necesariamente en sentido inverso á obriga. Cando poidamos demostrar que se alude a un evento que se debe cumplir contra a vontade do individuo, estaremos ante a expresión dunha prohibición externa, que será á súa vez natural, como ofrece en numerosas ocasións o valor facultativo de poder (Ridruejo, 1999: 3214; Traugott e Dasher, 2002: 109 ss) en paremias do tipo *No se puede chiflar y beber agua* (RM) e *No se puede estar en misa y repicando* (RM); ou social, como se dá no valor próximo ao epistémico da perífrase *poder* + infinitivo (recórrese a orixe próxima destes valores; cfr. § 2.2), como acontece, por exemplo, en *Nadie puede ser juez y parte* (RM) e *Nadie puede servir a dos señores* (RM), ou na paremia con *haber que* + infinitivo *No hay que mentar la soga en casa del ahorcado* (RM).

A prohibición interna será, en liña coa obriga interna, aquela á que, indo en contra da vontade do individuo, chégase dende unha conjectura propia (como sucede coa perífrase *deber de* + infinitivo, cfr. § 2.2), e cuxa realización supón un paso máis cara a esa comunidade ideal de moral perfecta, á que Kant denominou *El reino de los fines* (Muguerza, 2007: 117). Dende a perspectiva filosófica, resulta evidente que, do mesmo xeito que un individuo se ten que crear deberes de forma autónoma, tamén deba crearse prohibicións. Con todo, a natureza textual das paremias, focalizada na función pragmática de guiar a conducta *dos demás* (e non dun mesmo), xunto co feito de que os refráns non constitúan o nivel macroestructural de comunidades utópicas como as que imaxinaba o mesmo Kant, senón que representen prácticas sociais reais, xa sexa do pasado ou do presente (Conca, 1987; Aguilar Ruiz, 2011; Penadés Martínez, 2006; Sevilla e Cantera, 2008), poden explicar a ausencia de exemplos paremiolóxicos con perífrases verbais nos que a prohibición estea marcada dunha forma interna.

Na seguinte táboa tratamos de sintetizar o explicado nesta sección:

CONTRA-OBRIGA		NON OBRIGA		OBRIGA			
Prohibición (externa)		Necesidade	Non necesidade ou exención	Externa		Interna (moral)	
Natural	Social			Natural	Social		
Función comunicativa	Expresión da imposibilidade-de facultativa	Expresión da imposibilidade-de epistémica	Expresión dun consello ou suxerencia	Expresión dun non- consello ou non-suxerencia	Expresión da ausencia de vontade	Expresión da vontade "social"	Expresión das normas morais-individuais
Base filosófica	Non hai liberdade de elección (para non facelo)	Non hai un interese egoísta, senón social	Invitación á felicidade	En defensa da propia felicidade ("o bo" aristotélico)	Non hai liberdade de elección (para facelo)	Interese egoísta (creado en sociedade)	Interese moral (o deber polo deber): universalizable
Exemplo	<i>No se puede chiflar y beber agua.</i>	<i>Nadie puede ser juez y parte.</i>	<i>El enamorado y el pez frescos han de ser.</i>	<i>No hay que empezar la casa por el tejado.</i>	<i>Ai pajarillo que se ha de perder, alillas le han de nacer.</i>	<i>El deudor no se muera, que la deuda pagarse ha.</i>	<i>A la mujer y al mar has de respetar.</i>

3. Análise lingüístico (I): algúns datos

O obxectivo deste apartado é presentar unha aproximación cuantitativa sobre as paremias con perífrases, rexistradas nos textos consultados. Comézase, seguindo unha orde cronomolóxica, polo refraneiro atribuído ao Marqués de Santillana (cfr. 3.1), séguese polo de Correas (cfr. 3.2) e remátase co *Refranero Multilingüe* (cfr. 3.3).

Antes de continuar, queda simplemente engadir que a forma de localización das paremias en todas as obras realizouse introducindo, no sistema de procura, as persoas do presente de indicativo dos verbos auxiliares das perífrases elixidas, entendendo que a aspiración a universal das paremias (Conca, 1987: 76-79; Sevilla Muñoz, 1987-1988; Sevilla e Cantera, 2008: 167-193) vaise a reflectir no valor gnómico do presente (RAE, 2009: § 23.51). Non se han ter en conta os sinónimos, senón tan só as formas clasificadas como principais, xa que se entende que o motor de procura arroxa calquera paremia con perífrasis, independientemente de que conste na base como principal ou como sinónimo. No caso de Sevilla e Cantera (2008), Correas e *Los refranes que dizen las viejas tras el fuego*, realizouse, ademais, a unha lectura da obra.

3.1. Castelán medieval: paremias en *Los refranes que dizen las viejas tras el fuego*

Na obra atribuída ao Marqués de Santillana localizamos tan só 7 paremias con perífrases verbais modales (Fernández Martín, en prensa), das cales 6 ofrecen significado deónico, expresado en catro ocasións coa estrutura {infinitivo + *haber*} (recórdese a súa relación diacrónica con *haber de* + infinitivo e o futuro simple actual, cfr. § 2.1):

- (1) *Cria el cueruo, sacarte ha el ojo* (152, obriga externa natural)
- (2) *Dime con quien andauas y dezirte e lo que hablauas* (219, obriga externa social)
- (3) *El deudor no se muera, que la deuda pagarse a* (253, obriga externa social)
- (4) *No dire que te vayas, mas hazerte e las obras* (467, obriga interna [moral])

A paremia *Dineros y diablos no se pueden encubrir* (MS, 225) ofrece un valor de a cabalo entre a prohibición externa natural da imposibilidade facultativa ('no es posible encubrir') e o significado epistémico ('no está bien, no conviene') ou deónico ('no se debe') da prohibición externa social.

A excepción a este grupo de perífrases modales é *Yo a buenas y vos a malas, no puede ser mas negro el cueruo que sus alas* (MS, 703), con significado de prohibición externa natural (facultativo), equivalente a 'es físicamente imposible'.

3.2. Español clásico: paremias en Correas

Na obra de Correas localizamos 580 paremias con perífrases modais deónicas: preto dunha quincena con *tener que* + infinitivo e con *haber que* + infinitivo, respectivamente; case unha trintena de *deber [de]* + infinitivo; algo máis de 350 con *haber de* + infinitivo e máis de 170 con *poder* + infinitivo.

Así, das paremias con *tener que* + infinitivo, unha maioría contén a locución *tener que ver*, tanto en construcción interrogativa (5-8) como en construcción negativa (9, 10):

- (5) *¿Qué tiene que ver el diablo con la cruz de Cristo?* [335]
- (6) *¿Qué tiene que ver Judas con los pobres?* [335]
- (7) *¿Qué tienen que ver berzas con gazpachos?* [335]
- (8) *¿Qué tienen que ver las bragas con el alcabala de las habas?* [335]
- (9) *No tiene que ver eso con esotro* [561]
- (10) *No tiene que ver uno con otro* [561]

O feito de que se trate dunha locución verbal e non dunha perífrase, con significado de ‘existir relación entre’ (Kazumi, 2003: 49), impide a súa clasificación seguindo os criterios establecidos (cfr. § 2.3), a diferenza do que acontece coas catro restantes:

- (11) *Duro güeso tiene que roer* (294, 314, obriga externa natural [sentido literal] o social [sentido metafórico])
- (12) *¿Qué otras vacas tiene que guardar? Tiene, tenéis, tenía* (333, obriga externa social)
- (13) *Harto tiene que trotar el que no tiene pajar* (489, obriga externa natural)
- (14) *Bien tiene que lamer* (587, obriga externa social).

A perífrase *haber que* + infinitivo aparece, como dixemos, en praticamente unha quincena de paremias. Expoñemos a continuación un exemplo de cada tipo:

- (15) *A caballo regalado no hay que mirar la boca* (14, obriga externa social)
- (16) *Alcalde de vara en cita y mujer de poco importa no hay que fiar de cosa* (45, no necesidad o exención)
- (17) *Enhebrar la aguja por la punta hay que saber, que en lo ál no hay que hacer* (128, consejo o sugerencia)
- (18) *Más hay que hacer en saber el amigo conservar que en saberle alcanzar* (447, obriga interna o moral)

Das paremias que ofrecen exemplos da perífrase *deber (de)* + infinitivo, resulta interesante sinalar que unha delas aparece nas dúas formas, con preposición ou sen ela; o que indica, cremos, unha correspondencia sinónímica entre ambas, da que Correas era perfectamente consciente (*En algo debe de topar, como dijo la hormiga* [Correas, 110] e *En algo debe topar* [cuando no se concluye algún negocio, Correas, 521], obriga externa natural).

Das demais, deixamos de lado aquelas con *deber de* + infinitivo que ofrecen significado epistémico como, por exemplo, *Hombre veloso, valiente o lujurioso: dijo la mujer: a la fee, micet, valiente debéis de ser* (Correas, 156); *Debe de nacer hija de algún ruin*

Correas, 281); *Triste debe de estar quien no tiene qué gastar* Correas, 429); *Misterio debe de tener* [Correas, 468].

O resto mostra numerosos exemplos de significados deóntricos: dende a obriga externa, tanto natural (19-21) como social (22-24), e a interna (25, 26), ata a contra-obriga natural (27) ou social (28, 29), pasando pola non obriga, ben sexa unha necesidade (30) ou unha non necesidade ou exención (31, 32).

- (19) *A cinco de abril el cuco debe venir; y si no viene a los siete o a los ocho, o él es preso o morto* [8]
- (20) *Cada cual a su natural se debe acomodar y aplicar* [328]
- (21) *Tal debe ser; cual deseas parecer* [410]
- (22) *Juez sobornado debe ser castigado con soga y palo* [274]
- (23) *Do el maravedí se deja hallar; otro allí debes buscar* [289]
- (24) *Para tu mujer empreñar, no debes a otro buscar* [380]
- (25) *Adonde hay más prudencia, debe haber más clemencia* [56]
- (26) *Tres cosas deben ser premiadas: la virtud, y las letras y las armas* [428]
- (27) *Odios de mortales no deben de ser inmortales* [157]
- (28) *Lo que a ti no te aprovecha y otro ha menester; no lo debes retener* [197]
- (29) *Nadie se debe enseñar; si no tiene buen desenseñadero* [207]
- (30) *Los jueces deben tener dos orejas y ambas bien abiertas* [203]
- (31) *Nadie debe vivir pobre por morir rico* [207]
- (32) *No se debe dejar dudoso e cierto lo incierto* [227]

Por outra parte, entre as paremias rexistradas coa perífrase *haber de* + infinitivo atopamos sete, das que destacamos as seguintes:

- (33) *El que ha de ser bachiller, menester há deprender* [sic] (91, obriga externa social)
- (34) *El que ha de besar al perro en el culo, no ha menester limpiarse mucho* (91, obriga externa social)
- (35) *El que ha de morir a escuras, poco le importa ser cerero* (91, obriga externa natural)
- (36) *Quien tiene por qué callar, no ha de hablar* (342, obriga externa social)

Resulta interesante resaltar dous aspectos relacionados con tres paremias. Por unha banda, chama a atención o feito de que nos dous membros de *En el huso se ha de esperar, que*

en la rueca no hay que fiar/mirar (Correas, 112, consello ou suxestión) aparezan senllas construcións impersonais: a primeira, con *haber de* + infinitivo, indica unha suxestión ('mirar a lo que ya se tiene hecho'), causada polo denotado polo contraproducente que podería ser realizar o dito no segundo membro ('mirar hacia lo que aún no se ha logrado'). Por outra banda, en *No sólo ha de ser casta la mujer, mas débelo parecer* (Correas, 229, obriga externa social) e en *Has de hacer, no lo que quieres, sino lo que debes* (Correas, 55, obriga externa social), a nosa perífrase entrecruzase, no segundo membro, con *deber* + infinitivo, que indica unha obriga interna (moral). Deste xeito, podemos ver como a paremia permite comprender a forma na que a obriga externa social sinalada por *haber de* + infinitivo (*ser casta la mujer, hacer lo que se quiere*), termina converténdose nun deber moral, incuestionable e, como consecuencia, tomado por natural (*hacer lo que se debe, parecer casta [la mujer]*).

Finalmente, a perífrase *poder* + infinitivo ofrece uns 175 exemplos con valor deónico na obra de Correas, a maioría deles para denotar a prohibición externa, xa sexa natural (37, 38), xa sexa social (39, 40), aínda que hai algún caso que expresa igualmente a necesidade (41, 42):

- (37) *Mi marido es viejo, hermana; no puede subir á la cama* [465]
- (38) *No se puede ver todo* [558]
- (39) *Malo anda el tiempo cuando lo que no se puede alcanzar por justicia se alcanza por dinero* [445]
- (40) *Mujer ociosa, no puede ser virtuosa* [473]
- (41) *Donde puede andar barco, no vaya carro, y donde puede andar carro, no vaya caballo* [292]
- (42) *No se hace sin tiempo lo que se puede hacer en todo tiempo* [228]

Considérase, xa que logo, incapaz o verbo *poder* para expresar calquera tipo de obriga, porque na súa propia esencia semántica (capacidade, probabilidade, eventualidade...) existe sempre unha alternativa que impide que haxa obriga. É dicir, a perífrase *poder* + infinitivo, en contextos negados, si pode expresar prohibición, debido á posibilidade de indicar a incapacidade (facultativa ou epistémica) de realizar a acción denotada polo infinitivo, pero non pode significar obriga, porque esta supón a ausencia de elección (cfr. § 2.3), e é elección, precisamente, o que significa o verbo *poder* ("Significa también tener dominio, autoridad o manejo" [*Diccionario de Autoridades*]; "2. tr. Tener facilidad, tiempo o lugar de hacer algo" [*DRAE*]).

3.3. Español actual: paremias no Refranero Multilingüe

Dende unha perspectiva cuantitativa, as 34 paremias con perífrase contabilizadas no *Refranero Multilingüe* distribúense do seguinte xeito: *poder* + infinitivo é a perífrase más frecuente (tamén é a que ofrece un maior número de valores), con 17 ocorrencias, seguida de *haber de* + infinitivo (13 exemplos), *haber que* + infinitivo (12) e *deber* + infinitivo (2).

Das dúas atopadas con *deber* + infinitivo, unha expresa obriga externa social (*El que ley establece, guardarla debe*) e a outra, como en Correas (cfr. 3.2), obriga interna ou moral (43), mentres que as paremias expresadas con *haber de* + infinitivo ofrecen ben o significado de obriga externa natural (44), ben o de necesidade (45), ben obriga interna (46), ben, finalmente, obriga externa (47):

- (43) *La mujer del César, además de ser honesta, debe parecerlo*
- (44) *La oveja que ha de ser para el lobo, es fuerza que lo sea*
- (45) *El enamorado y el pez frescos han de ser*
- (46) *A la mujer y al mar has de respetar*
- (47) *Más se ha de estimar un diente que un diamante*

Con *haber que* + infinitivo o valor de obriga externa social (*Al que tiene y duerme en el suelo, no hay que tenerle duelo; Para presumir hay que sufrir*) aparece na mayoría dos casos, e o resto distribúese entre o significado de obriga interna (*A los amigos hay que cuidarlos*), de non necesidade ou exención (*No hay que extender la pierna más que lo que da de sí la sábana*) ou de necesidade (*No hay que llorar al muerto sino al vivo*).

Por último, *poder* + infinitivo absorbe o valor da prohibición externa natural en 11 das 17 paremias totais con esta perífrase (Fernández Martín, en prensa). Das demais paremias, dúas mostran un significado de prohibición externa social (*Quien no tiene, perder no puede; Amores, dolores y dineros no pueden estar secretos*), e catro permiten ambas interpretacións (*Persona envidiosa no puede ser dichosa; No se puede satisfacer y agradar a todos; Soplar y sorber, no puede ser; El que da lo que tiene no se le puede pedir más*), polo que non procede sorprenderse, dado a orixe común dos significados e a dificultade de distinguilos na actualidade (Martínez Álvarez, 1977; Yllera, 1980: §§ 2.2.2.5, 2.2.3.2; Elvira, 2004, 2006).

4. Análise lingüística (II): interrelacións diacrónicas

De todas as paremias nas que aparecen perífrases verbais con significado deóntico, imos deternos na análise minuciosa de 31 (cfr. anexo), aínda que tan só unha cuarta parte destas aparece nas tres etapas estudiadas, polo que cremos analiticamente útil dividir este apartado en dous, segundo se faga referencia a paremias que aparecen nas tres etapas (cfr. § 4.1) ou que tan só aparecen en dous delas (cfr. § 4.2). A dificultade que implica, xa que logo, localizalas todas nos distintos periodos do español, xunto coa necesaria reflexión sobre a fixación metalingüística de cada unha delas, fainos ser conscientes das naturais limitacións desta tarefa filolóxica.

4.1. Paremias existentes nas tres etapas

4.1.1. Paremias que manteñen a mesma perífrase

Localizamos catro paremias nas que non varía a perífrase, máis alá do esperable tendo en conta as modificacións gramaticais aducidas (cfr. § 2.2).

Así, podemos comenzar por un refrán con significado de obriga externa social, *Al ruyn dalde vn palmo y tomara quatro* (MS, 62), o cal, máis aló do fenómeno fonolóxico da metátese na fusión entre a segunda persoa do plural do presente de imperativo do verbo *dar* e o pronombre átono de terceira persoa do singular en función de complemento indirecto *lle* (*dadle > dalde*), mostra un futuro sintético perfectamente conformado, que se vai a manter así ata a actualidade, en certas variantes da paremia (*Al villano, dalde un palmo y tomará cuatro* [Correas, 39]; *Al villano, dalde el huevo y pedirá sal* [Correas, 39]; *Al villano, dadle el dedo, y se tomará la mano* [RM]), pero que vai loitar co analítico noutras tantas, debido probablemente á aparición do pronomé persoal átono, que se pode intercalar entre ambos verbos (*Al villano, dalde el {pie/dedo} y tomaros há la mano* [Correas, 39]; *Al ruin, dadle un huevo y pediros ha el tozuelo* [SC, 168]). Finalmente, hai algunha versión na que, simplemente, a perífrase desaparece e pásase a utilizar o presente con valor gnómico (RAE, 2009: § 23.5l): *Al villano, danle el pie y toma la mano* (Correas, 39).

Outra paremia interesante pode atoparse na medieval *Dineros y diablos no se pueden encubrir* (MS, 225), que presumiblemente se converte, na época clásica, en *Amor, dinero y cuidado, no puede estar encerrado* (Correas, 68) e no español actual en *Amores, dolores y dineros no pueden estar secretos* (RM). Dende a perspectiva do uso da perífrase verbal, resulta rechamante que nos tres casos emprégase *poder + infinitivo* para denotar o significado, nun primeiro momento, de imposibilidade facultativa (prohibición ou contra-obriga natural) pero, nun segundo momento, podería aceptar, como xa vimos (cfr. §§ 2.2, 3.1), o significado epistémico da prohibición (ou contra-obriga) externa social e, ata, o da obriga externa social (significado deónico) (Elvira, 2006).

A terceira paremia que, agás as diferenzas diacrónicas entre a construción *{infinitivo + haber}* e o futuro analítico (cfr. § 2.2), mantén a mesma perífrase nas tres etapas, é *Cria el cueruo, sacarte ha el ojo* (MS, 152). De feito, chega intacta ao século XVII (*Cría el cuervo, y sacarte ha el ojo* [Correas, 376]) e, no español actual, sofre a transformación ao futuro simple xunto coa anteposición do clítico (*Cría cuervos, y te sacarán los ojos* [RM]), seguindo o sucedido no resto do sistema lingüístico (cfr. § 2.2), para manter o significado de obriga externa natural.

De forma prística pódese observar no seguinte refrán, que denota unha obriga externa social, o proceso de gramaticalización do futuro simple (cfr. § 2.2). Así, a estrutura medieval *{infinitivo + pronomé persoal + haber}* (*Dime con quién andauas y dezirte e lo que hablaudas* [MS, 219]) deixa paso a un período de selección estilística (que corresponde, previsiblemente, co español clásico), no que se dá, por unha banda, a fusión entre o infinitivo e o verbo auxiliar, que agora xa é claramente un morfema, xa que non admite a intercalación de pronomes (*Dime con quién fueres, diréte quién eres* [Correas, 282]; *Dime con quién andas, diréte lo que hablas* [Correas, 282]) e, á vez, por outra banda, a inserción de ditos pronomes entre o infinitivo e *haber*, que lle permiten ao falante entablar a rima e o ritmo propios dalgúns refráns (*Dime con quién irás, decirte he lo que harás* [Correas, 282]). Na actualidade (*Dime con quién andas, y te diré quién eres* [RM]), esta variación estilística non resulta posible, agás que se

trate, naturalmente, de fórmulas fixas, como sucedía co xa mencionado *Al ruin, dadle un huevo y pediros ha el tozuelo* [SC, 168].

4.1.2. Paremias que empregan a mesma perífrase en dúas etapas

Dentro deste grupo, só nos atrevemos a traer a colación dúas paremias, non sen cuantiosas dúbidas sobre o feito de que de verdade sexan a mesma, na súa versión medieval e clásica/actual.

Por unha parte, cómpre sinalar a rexistrada, presuntamente, polo Marqués de Santillana, *Cabra va por viña, qual la madre tal la hija* (MS, 164), que non precisa en absoluto dunha perífrase para expresar o significado de obriga externa natural ao que xa aludimos (cfr. § 2.3), a diferenza do que lles sucede aos seus posibles continuadores no Século de Ouro e no español actual, tanto na súa versión feminina (*La hija de la cabra, qué ha de ser sino cabrita* [Correas, 191]; *La hija de la cabra, ¿qué ha de ser sino cabrita?* [RM; SC, 182]) como na masculina (*El hijo de la cabra, siempre ha de ser cabrito* [Correas, 108]; *El hijo de la cabra, ¿qué ha de ser sino cabrito?* [SC, 182]), que empregan *haber de* + infinitivo, debido á forza semántica que ten esta perífrase para expresar a obriga externa (neste caso, natural) (Yllera, 1980: 101; Fernández Martín, en prensa).

Por outra parte, de xeito semellante, a versión actual de *La oveja que ha de ser para el lobo, es fuerza que lo sea* (RM) é idéntica á que tiñamos no español clásico (*La oveja que ha de ser del lobo, es fuerza que lo sea* [Correas, 168]) e, con todo, non pode remontarse a un paralelismo gramatical no Medievo, xa que a paremia *El poluo de la oveja alcohol es para el lobo* (MS, 251) non acode a *haber de* + infinitivo para denotar a obriga externa natural, que, sen ningunha dúbida, expresa de igual forma, como glosa o mesmo recopilador (“El afición de la natural yncclinacion no se disminuye antes se aguza con los ympedimentos que contra la cosa amada se offrecen”).

4.1.3. Paremias que utilizan outras estratexias lingüísticas

As paremias que mostramos neste apartado compórtanse diacrónicamente de diferente xeito ás vistas.

Por unha banda, atópase o caso da medieval *Quien mal anda, en mal ha de caer* (Berceo, *apud* SC, 80), con ese *haber de* + infinitivo que denota o inevitable da acción futura (Yllera 1980: 92-97; Fernández Martín, en prensa), polo que a paremia podería encadrarse, seguindo a taxonomía proposta (cfr. § 2.3), dentro da obriga externa natural. Con todo, na versión clásica (*Quien mal anda en mal acaba* [Romance, 120, 1588, *apud* CORDE]) e actual (*Quien mal anda mal acaba* [RM]), ademais de existir un cambio funcional do sintagma *mal*, que de concibirse como un locativo (*en mal*) pasaría a ser concibido como un modo (*mal*) de realizar a acción do verbo (*acaba*), non se precisa en absoluto a perífrase para denotar o que se considera unha verdade universal (Conca, 1987: 76-79; Sevilla Muñoz, 1987-1988; Sevilla e Cantera, 2008: 167-193), expresable mediante o presente de indicativo con significado gnómico (RAE, 2009: § 23.5l). O uso, pois, da perífrase é, neste sentido, estilístico, porque existe a opción de non escollela.

Por outra banda, atopámonos cunha paremia medieval (*Sy fuere el fablar / de plata figurado, / debe ser el collar / de oro afynado* [Seb Tom de CarrIÓN, apud SC, 83]) que ofrece unha perífrase completamente diferente á que ofrecen as que poden ser consideradas as súas sucesoras, tanto no español clásico (*Quien tiene por qué collar, no ha de hablar* [Correas, 342]) como no actual (*Siempre sale a hablar quien tiene por qué collar* [RM]). Con todo, a diferenza do que ocorría coa paremia anterior, na que o significado deónico atopábase no contexto, e non tanto na perífrase, neste caso podemos ver como a modificación da estrutura perifrásica conduce igualmente un cambio no sentido da paremia. Así, na Idade Media, o emprego da perífrase *deber + infinitivo* supón expresar a consecuencia lóxica dunha serie de conjecturas que permiten a interpretación da probabilidade sobre o que acontece (Yllera, 1980: 129; Martínez Díaz, 2010: 71 ss). En concreto, enténdese que, dentro do prestixio outorgado á actitude silenciosa, si o falar é ben considerado, o calar o é aínda máis, polo que estariamos nun plano argumentativo, moi próximo ao epistémico e, xa que logo, algo afastado do deónico (Elvira, 2004).

Mais na versión clásica, esta paremia adquire a expresión deónica da obriga externa social (con *haber de + infinitivo*), segundo a cal o falante está obrigado a non falar se cumple o requisito de ter motivos para calar (Fernández Martín, en prensa), mentres que na variante actual, a paremia deixou de ofrecer modalidade para pasar a denotar a expresión duns feitos, ditos en presente de indicativo e xa que logo de aspiración universal, mediante o emprego dunha locución (*salir a hablar*) que supón a irrupción incómoda dunha acción inesperada².

Finalmente, pareceunos interesante o exemplo dunha paremia medieval que non contén ningunha perífrase nin nesta época (*Can con rauia a su dueño muerde* [MS, 154]), nin no español clásico (*El can con rabia, de su dueño traba* [Correas, 90]), e hai que esperar ata o español moderno para que apareza a construcción *haber de + infinitivo* (*Quien a su can quiere matar, rabia le ha de levantar* [RM]), típica da obriga externa social que comprende os fins desexados (cfr. § 2.3).

² Esta construcción, sospeitosamente moderna xa que non está rexistrada nin por Alicia Yllera (1980) nin por Keniston (1937), parece achegarse máis a unha locución que a unha perífrase (Gómez Torrego, 1988: 169 e ss; Olbertz, 1999: 70), se ben pode relacionarse diacrónicamente con *salir + xerundio* (Yllera, 1999: § 52.1.5.2). De ser así, *salir a + infinitivo* tería sufrido unha evolución distinta á doutras perífrases de infinitivo que remataron desaparecendo en lingua española e, en certo modo, substituídas polos seus correspondentes en xerundio, como *andar a + infinitivo* (> *andar + xerundio*) ou *estar a + infinitivo* (> *estar + xerundio*) (Yllera, 1980: § 1.2): os casos perifrásicos de *salir + xerundio* localizados no Corpus do Español de Mark Davies (poñendo [salir] como palabra para buscar, colocada coa forma de xerundio [VPP*], e un [0-2] para que localice un máximo de dous ítemes á dereita e ningún á esquerda) non superan a trintena entre os séculos XIII e XV, e son moito menores os casos con *salir a + infinitivo* (apenas cinco). Entre os séculos XVI e XX, non obstante, esta construcción aumenta (uns 500 exemplos perifrásicos), ao igual que a súa irmá *salir + xerundio* (practicamente o dobre que aquela), o que pode deberse, sinxelamente, a unha cuestión de selección léxica.

4.2. Paremias que aparecen en dúas das tres etapas

4.2.1. Paremias que empregan a mesma perífrase en dúas etapas

No noso corpus, son bastantes as paremias que non cambian de perífrase ao longo da súa historia. Así, temos o refrán medieval *Yo a buenas y vos a malas, no puede ser mas negro el cuervo que sus alas* (MS, 703), convertido no español clásico en *No podía ser el cuervo más negro que las alas* (*Buscón*, apud SC, 104; Correas, 146): ambas denotan a prohibición externa natural (cfr. § 3.1).

Múltiples paremias demostran que, en ocasións, as diferencias morfosintácticas entre o español clásico e o actual non son demasiado evidentes. Por unha banda, hai algúna formada polo futuro analítico, relacionado coas perífrases con *haber* (cfr. § 2.2), como en *Dame cava y bina, darte he rama y Vendimia* (Correas, 277; SC, 231) ou *El olivar, hacerte há bien si le haces mal* (Correas, 79; SC, 227), en ambos casos para expresar a obriga externa social.

Ademais, abundan os exemplos coa perífrases *haber de* + infinitivo, como amosan *El enamorado y el pez, frescos han de ser* (Correas, 78; RM), con significado de necesidade; *Has de hacer, no lo que quieres, sino lo que debes* (Correas, 55) e *Habremos de vivir como podamos que no como queramos* (SC, 49), con significado de obriga externa social; *Lo que has de dar al mur, dalo al gato, y quitarte ha de cuidado; aunque más come un gato de una vez, que un ratón en un mes* (Correas, 197); *Lo que has de dar al rato, dáselo al gato* (SC, 20) ou *Lo que has de dar al mur, dalo al gato y sacarte ha de cuidado* (SC, 24), co futuro analítico (*quitarte ha e sacarte ha*) que enfatiza a obriga externa social; *Lo que no has de comer, déjalo bien cocer* (Correas, 198) e *Lo que no has de comer, dejadlo cocer er* (RM), con significado de necesidade; e *Por bien estar, mucho se ha de andar* (Correas, 398; RM), co significado de obriga externa social.

Tamén hai algúns casos con *deber* + infinitivo, que se pode comprender como unha obriga interna (moral): *El que ley establece, guardarla debe* (Correas, 93; RM); e *Mal por mal no se debe dar* (Correas, 444) e *Mal por mal no se debe tomar* (SC, 32), nos que cambia a perspectiva do axente (ou paciente) que dá (ou toma) o mal.

Noutros casos nos que se dá unha interesante interrelación de perífrases, como en *No sólo ha de ser casta la mujer, mas débelo parecer* (Correas, 229) e *La mujer del César, además de ser honesta, debe parecerlo* (RM), pódese observar, separadamente da diferente localización do pronombre persoal *lo* (*débelo parecer* vs. *debe parecerlo*), certo cambio sociocultural na concepción do papel da muller, xa que a paremia pasa de afectar a calquera fémina (*la mujer*), a afectar, na actualidade, só ás de certa relevancia social (*la mujer del César*), ademais de colocar ao mesmo nivel as apariencias e a verdadeira esencia, e permitir que se poida pasar dunha lectura de obriga externa (*ha de ser*) a unha lectura de obriga interna (*debe parecerlo*), como xa explicamos anteriormente (cfr. § 3.2).

Tan só rexistramos unha paremia con *haber que* + infinitivo, que denota unha contrabriga externa: *No hay que mentar la soga en casa del ahorcadillo* (*Quijote*, apud SC, 112; RM).

En canto a poder infinitivo, vén demostrar o valor eminentemente facultativo (e tamén de prohibición externa social) nas variantes da paremia *Nadie puede servir á dos amos, y contentarlos á entrambos* (Correas, 208), como *No se puede servir á dos señores, ó nadie puede servir á dos señores* (Correas, 228); *No se puede servir á dos señores á un tiempo y tener á cada uno contento* (Correas, 228), que en español actual aparecen praticamente sen cambios: *Nadie puede servir a dos señores* (RM; SC, 44); *Nadie puede servir a dos amos y contentar a entrambos* (SC, 44); *Nadie puede servir a dos señores a un tiempo y tener a cada uno contento* (SC, 44). A excepción pode ser a paremia *Quien a muchos amos sirve, a alguien ha de hacer falta* (SC, 44), que ao empregar a versión en afirmativo, precisa cambiar de perífrase e, xa que logo, deixar de expresar unha contra-obriga para pasar a denotar unha obriga.

Por último, resúltanos gramaticalmente moi interesante a paremia *Cuando un lobo come á otro, no hay qué comer en el soto* (Correas, 367), que no español actual se mantén praticamente intacta (*Cuando un lobo come a otro, no hay que comer en el soto* [RM]), sobre todo si facemos caso omiso ao til do español clásico que transforma nun pronoméntico interrogativo a palabra que, que na versión actual funciona con claridade como unha conxunción, e conforma deste xeito unha perífrase (*haber que + infinitivo*) con significado de necesidade, feito que non sucede necesariamente na versión do español áureo (Fernández Martín, en prensa).

4.2.2. Paremias que utilizan distintas estratexias lingüísticas

Neste último grupo imos incluír aquellas paremias que, aparecendo tan só en dúas das tres etapas estudiadas, desenvolven distintas estratexias para expresar o mesmo significado deónico ao longo dos séculos. Unha dasas estratexias é, necesariamente, unha perífrase verbal. Entre as outras estratexias utilizadas atopamos a desaparición do membro que contén a perífrase en cuestión ou a súa sustitución por outra construcción gramatical, como un presente de indicativo ou de subxuntivo.

Así, en *A la ocasión la pinta calva y hay que cogerla por los pelos* (Lope de Vega, apud SC, 118), a perífrase desaparece, simplemente porque o segundo membro da paremia, testemuñado polo Fénix dos Enxeños, non supera o paso do tempo (*A la ocasión la pintan calva* [RM]), o que ocasiona que se perda, en certo xeito, o significado deónico.

Noutros casos, a perífrase da paremia antiga converteuse noutra construcción gramatical na versión máis moderna, como sucede coa medieval *El deudor no se muera, que la deuda pagarse a* (MS, 253), que se transforma en *Si el deudor no se muere, la deuda no se pierde* (Correas, 251). Na paremia medieval, a perífrase (*pagarse a*) insérese dentro dunha subordinada causal que explica o motivo polo que non debe morrer o deudor, mentres que na versión áurea, convertida nunha estrutura condicional, a apódose implica unha consecuencia da condición expresada pola prótase, polo que, ademais da perífrase, desaparece o significado deónico.

Algo moi semellante acontece en *No dire que te vayas, mas hazerte e las obras* (MS, 467), no que o futuro analítico medieval se converte nun presente de indicativo no español

clásico, inserido nunha coordinada adversativa introducida por *mas* (*Yo no te despido, mas hágote obras {por donde te vayas/por donde lo hagas}* [Correas, 121]), cuxo verbo (*hago*) aparece complementado por unha adverbial con función de circunstancial (*{por donde te vayas/por donde lo hagas}*), que non existía na versión do marqués de Santillana.

Coma se se tratase dun espello con respecto á xa vista *El deudor no se muera, que la deuda pagarse a* (MS, 253), a paremia *El cazador y el mentiroso, perdidos son si no son memoriosos* (Correas, 90), carente de perífrase, convértese en *El mentiroso ha de ser memorioso* (RM), cuxo significado deóntrico de necesidade queda expresado mediante *haber de + infinitivo*. Así mesmo, de xeito igualmente especular, a condición existente na versión do español clásico, que elimina por completo o valor deóntrico, e transforma o ser memorioso nunha condición para evitar a perda (literal) do cazador e (metafórica) do mentiroso, dá paso a unha oración simple, na que non existe ningunha relación de causa e efecto, senón unha simple aserción, como dicimos, cun valor deóntrico expresado na perífrase.

Tamén resulta interesante que unha perífrase con significado claramente deóntrico como é *haber de + infinitivo* se convierta, dentro do mesmo contexto de negación, nun imperativo, como de feito sucede na paremia clásica citada por Calderón da Barca (*En tu vida no has de darle consejo al que ha menester dinero* [Calderón de la Barca, apud SC, 121]), que pode considerarse, polo menos no primeiro membro, a mesma que a versión actual (*Nunca des consejo al que no te lo pide* [RM]).

Moi interesante resulta o que sucede coa paremia do español clásico *Llantos no se han de creer / de viejo, niño y mujer* (Calderón da Barca, apud SC, 123), cunha perífrase de marcado significado deóntrico (non necesidade ou exención), que aparece no español actual expresada mediante o que foi no seu día outra perífrase, *seer de + infinitivo* (*El lloro de la mujer, no es de creer* [RM]) que, orixinada na forma da estrutura latina *est credere, est dicere*, herda, non obstante, os valores deóntricos de {ESSE + -NDVS} (*es de alabar = LAVDANDVS EST*), como o da necesidade ou exención que aparece aquí (Yllera, 1980: § 2.2.1.4.1). O feito de que algúns autores ainda a consideren perifrásica indica o alto grado de gramaticalización de *ser de + infinitivo* (Gómez Torrego, 1988: 25 ss; Morera, 1991: 49-197).

O curioso da seguinte paremia é que fluctúa formalmente dende unha perspectiva sincrónica, xa que rexistramos *Nadie extienda la pierna sino hasta donde la sábana llega* (SC, 70), procedente probablemente do español clásico (*Nadie extienda la pierna, sino hasta donde la sábana llega* [Correas, 207]), e tamén *No hay que extender la pierna más que lo que da de sí la sábana* (RM), na que existe de facto unha perífrase que permite que a paremia se entenda, como na súa versión non perifrásica, como unha necesidade (un consello ou suxestión).

E, por último, a interesante paremia do español clásico *Adonde no hay, no cumple buscar* (Correas, 56) chamou a nosa atención porque ofrece un significado deóntrico de necesidade (suxestión ou consello) sen utilizar unha das perífrases seleccionadas neste traballo, como xa o mesmo Covarrubias destaca ao falar do verbo cumplir no

seu dicionario (“No cumple se haga esto, vale no conviene”)³. Na versión actual, *De donde no hay, no se puede sacar* (RM; SC, 259), esa conveniencia áurea parece terse convertido ben nunha contra-obriga externa natural (facultativa), que implica que é completamente imposible sacar algo de onde non hai nada; ou unha contra-obriga externa social (epistémica), que supón exercer unha opinión pesimista sobre a imposibilidade mesma de sacar algo de onde non hai nada.

5. Conclusións

O obxectivo deste artigo consistía en coñecer mellor as perifrases verbais a través do discurso paremiolóxico, para o que, tras establecer o marco teórico adecuado (cfr. § 2), analizamos, en primeiro lugar, as perifrases achadas en tres recompilacións paremiolóxicas que atravesan a historia do español (cfr. § 3) e, en segundo lugar, a interpretar o xeito no que as paremias botan man dunhas perifrases ou doutras (ou de ningunha) para expresar o valor deónico (cfr. § 4). Así, a primeira conclusión á que chegamos é que resulta completamente necesario para o estudo da historia da lingua incluír córpora paremiolóxicos entre os seus textos de estudo, porque poden contribuír enormemente a ampliar o noso coñecemento sobre o funcionamento das estruturas morfosintácticas que en cada momento interesen.

A este respecto, as paremias amósanse como unha xoia intacta ao longo do tempo, xa que se prestan a ser perfectamente comparadas nas distintas etapas da lingua, porque, como dixemos anteriormente, *son elas mesmas*, é dicir, porque poden ser estudiadas sen temor a que a comparación diacrónica non sexa rigorosa.

En efecto, a comparación que se pode establecer formalmente entre, por exemplo, unha paremia actual e a súa versión medieval sempre se vai axustar á realidade lingüística en maior medida que como se adoita facer comparando discursos semellantes, pero non iguais. Así, o anónimo *Lazarillo* contén unha serie de actos de fala que o fan aproximarse a outras novelas como a *Busca de Baroja*, do que se desprende que ambas poidan ser cualificadas de “novelas” e, xa que logo, dende a perspectiva da gramática histórica, estudiadas por ser discursos comparables. Mais á súa vez, cada unha das novelas está formada por unha serie de actos de fala diferentes que as dotan de calidades idiosincrásicas propias, debido a cuestiós de autor, estilo, etc., o cal prácticamente non se dá nas paremias.

E dicimos que non se dá “practicamente” porque observamos máis dun caso no que unha mesma paremia pode expresarse de distintos modos, como ocorría no plano sincrónico con *Nadie extienda la pierna sino hasta donde la sábana llega* (SC, 70) e *No hay que extender la pierna más que lo que da de sí la sábana* (RM), ou no diacrónico con *Cabra va por viña, qual la madre tal la hija y La hija de la cabra, qué ha de ser sino cabrita* (cfr. § 4). Esta posible variabilidade (diatópica, diastrática, diafásica?), con todo, non

³ Lémbrese que en galego *cómpre* (do latín COMPLĒRE) + infinitivo equivale a ‘é necesario’+ inf., acepción que tamén ten como 7º o verbo *cumplir* no DRAE. En galego o til diacrítico (*cómpre*) distingue este verbo do *compre* (subx. de *comprar*).

afecta ao emprego dos repertorios paremiológicos como córpura, xa que forma parte do dinamismo natural e inherente ao sistema lingüístico.

Deste xeito, tendo sempre en conta as limitacións do estudo histórico (a fixación dunha forma concreta, os avatares textuais, as cuestións ecdóticas...), a vantage de traballar con paremias radica, como dicimos, en que estamos ante o mesmo *acto de fala* en todas as épocas. Desta forma, unha novela como o fascinante *Quixote* pode chegar ata nós e deixarnos así unha muda testemuña da lingua da época cervantina, pero non hai máis *Quixotes* na historia do español que sufran o paso do tempo e poidan funcionar como vítimas do cambio lingüístico, algo que si ofrecen as paremias, cuxo legado atravesa todo o longo da historia da lingua (cada unha dentro da súa período inicial, naturalmente) ata o noso século XXI (se chegaron). Desta forma, a comparación que se pode efectuar, dende a perspectiva da análise das perifrases verbais, entre a paremia do Medievo *Dime con quien andauas y dezirte e lo que hablauas* (MS, 219) e a paremia actual *Dime con quién andas, y te diré quién eres* (RM), será sempre máis fidedigna e rigorosa que a comparación lingüística que se podería facer, por exemplo, entre *Cárcel de amor* e *La Regenta*.

Ademais, as paremias serviron para comprobar non só as pegadas formais de estados previos de lingua na actualidade (*Lo que has de dar al mur, dalo al gato y sacarte ha de cuidado* [SC, 24]), senón tamén como se fusionan e se adaptan certas formas ao significado que se pretende expresar en cada momento sociohistórico (*Cria el cueruo, sacarte ha el ojo* [MS] > *Cria cuervos y te sacarán los ojos* [RM]), incluso sen ter que empregar en todas as épocas as perifrases verbais aducidas para expresar o significado deóntrico (*El cazador y el mentiroso, perdidos son si no son memoriosos* [Correas, 90]; *El lloro de la mujer; no es de creer* [RM]).

Naturalmente, sempre se pode reprochar unha posible loita metodolóxica entre o evidente conservadurismo das paremias e a riqueza morfosintáctica da lingua. Sendo conscientes deste posible inconveniente, atrevémonos a dicir, non obstante, que a morfosintaxe dunha lingua é un alicerce tan profundo na súa estrutura que chega a modificar formalmente (e en ocasións, tamén semánticamente, como comprobamos no apartado 4) unhas construcións tan fosilizantes como son as paremias. Ou, dito doutro xeito, os refráns, tan tendentes a manterse prácticamente intactos ao longo dos séculos, non poden evitar sufrir certos cambios gramaticais cando estes afectan ao resto do sistema lingüístico, o que unha vez máis demostra a característica discursiva das paremias, pois pertencerían a aqueles xéneros textuais que son más tardíos en aceptar os cambios do código, segundo defende a moderna teoría das tradicións discursivas (cfr. § 2.1).

Por isto, sería moi interesante seguir indagando no valor lingüístico das paremias dende distintas perspectivas. Dende a diacronía, podería ser relevante comprobar, nun corpus paremiológico máis amplio que o que aquí se utilizou, que usos perifrásticos abondan en paremias desaparecidas do español actual, nas actuais de recente creación e naquelas que ofrecen varias perifrases nas distintas etapas da historia da lingua. Nestes casos, podería á súa vez investigarse se esas vacilacións teñen a súa orixe en posibles

traducións doutras linguas, é dicir, na propia historia da paremia ou noutros motivos igualmente interesantes. Ao fin e ao cabo, as motivacións que pode haber para que unhas veces se empregue unha ou outra perífrase e outras veces outra na mesma paremia ao longo do tempo poden relacionarse coas características socioantropolóbicas do colector (coñecementos metalingüísticos, rexión de orixe, variantes de prestixio...), coa natureza dos textos que nos chegaron (por exemplo, ausencia de repertorios ou carencia de explicacións metalingüísticas), con cambios nas percepcións sociais (lembremos *No sólo ha de ser casta la mujer, mas débelo parecer* [Correas, 229] e *La mujer del César, además de ser honesta, debe parecerlo* [RM]), e outros múltiples factores nos que se podería tamén profundar.

Dende a sincronía, valería a pena analizar o funcionamento das perífrases verbais de valor deónico dende dúas perspectivas: a intralingüística e a interlingüística. A primeira podería suscitarse que mecanismos (eminenteemente sociolingüísticos) se empregan para fixar certa forma paremiolóxica no español actual, de maneira que, con sumo coidado, se puidese extrapolar a outras etapas do español, para comprender o grado de necesidade de expresar a modalidade deónica mediante unha perífrase verbal.

Dende unha perspectiva interlingüística, merecería a pena estudar outras linguas romances (e, posteriormente, non só romances), operando nun dobre camiño: a) localizando as mesmas paremias que detectamos en castelán e comprobando que perífrase se emprega en cada caso nas outras linguas (se esa paremia opta por unha perífrase para expresar a modalidade deónica e, se non o fai, que mecanismos emprega entón); e b) partindo das perífrases verbais elixidas noutras linguas, e localizándoas no seu propio corpus (galego, catalán, asturiano, portugués, italiano, francés...) para descubrir se se utilizan nas mesmas paremias ou en diferentes ás do castelán. Naturalmente, unha visión diacrónica que engadise explicacións tanto aos valores perifrásticos como ás orixes das paremias sería sumamente enriquecedora para comprender o funcionamento sincrónico de ambas.

En calquera caso, esperamos coa nosa proposta demostrar que un xénero discursivo como o paremiolóxico pode contribuír a seguir profundando nas complexas interrelacións morfosintácticas que han ter lugar ao longo da historia da lingua e que estas, á súa vez, quizá teñan algo que achegar ao coñecemento paremiolóxico, se se utilizan para comprender as transformacións que as paremias poidan sufrir ao longo dos séculos.

6. Apéndice

A continuación, ofrecemos unha lista por orde alfabética (da columna do español actual), coas paremias analizadas na sección 4. Empregamos as seguintes siglas: RM = *Refranero Multilingüe*; SC = *Sevilla y Cantera* (2008); C = Correas; MS = *Los refranes que dizan las viejas tras el fuego*. O número entre paréntese corresponde á páxina, no caso de Sevilla e Cantera (2008) e Correas; ou á paremia referida na edición correspondente, no caso da obra atribuída ao Marqués de Santillana. Lembre que no noso traballo, este é o texto que representa o español medieval; para o español clásico, é o de Correas; e

para o actual, o *Refranero Multilingüe*. A obra de Sevilla e Cantera (2008) aparece de xeito transversal en varias épocas (= SC).

Castelán medieval	Español clásico	Español actual	Valor da paremia
	<i>A la ocasión la pinta calva y hay que cogerla por los pelos</i> (Lope de Vega, apud SC, 118)	<i>A la ocasión la pintan calva</i> (RM)	Necesidade (consello ou suxestión)
<i>Al ruyn dalde vn palmo y tomara quatro</i> (MS, 62)	<i>Al villano, dalde el huevo y pedirá sal</i> (C, 39); <i>Al villano, dalde el pie y tomaros há la mano</i> (C, 39); <i>Al villaño, dalde un palmo y tomará cuatro</i> (C, 39); <i>Al villano, dalde el dedo y tomaros há la mano</i> (C, 39); <i>Al villano, danle el pie y toma la mano</i> (C, 39)	<i>Al ruin, dadle un huevo y pediros ha el tozuelo</i> (SC, 168) <i>Al villano, dadle el dedo, y se tomará la mano</i> (RM)	Obriga externa social
<i>Dineros y diablos no se pueden encubrir</i> (MS, 225)	<i>Amor, dinero y cuidado, no puede estar encerrado; ó nunca fué disimulado</i> (C, 68)	<i>Amores, dolores y dineros no pueden estar secretos</i> (RM)	Contra-obriga externa natural (significado facultativo), contra-obriga externa social (significado epistémico ou obriga externa social (significado deóntrico)
<i>Cria el cueruo, sacarte ha el ojo</i> (MS, 152)	<i>Cria el cuervo, y sacarte ha el ojo</i> (C, 376)	<i>Cría cuervos, y te sacarán los ojos</i> (RM)	Obriga externa natural
	<i>Cuando un lobo come á otro, no hay qué comer en el soto</i> (C, 367)	<i>Cuando un lobo come a otro, no hay que comer en el soto</i> (RM)	Necesidade (consello ou suxestión)
	<i>Dame cava y bina, darte he rama y Vendimia</i> (C, 277)	<i>Dame cava y bina, darte he rama y vendimia</i> (SC, 231)	Obriga externa social
	<i>Adonde no hay, no cumple buscar</i> (C, 56)	<i>De donde no hay, no se puede sacar</i> (RM; SC, 259)	Necesidade (consello ou suxestión)
<i>Dime con quien andauas y dezirte e lo que hablauas</i> (MS, 219)	<i>Dime con quién andas, diréte lo que hablas, ó tus mañas</i> (C, 282); <i>Dime con quién fueres, diréte quién eres</i> (C, 282); <i>Dime con quién irás, decirte he lo que harás</i> (C, 282)	<i>Dime con quién andas, y te diré quién eres</i> (RM)	Obriga externa social
	<i>El enamorado y el pez, frescos han de ser</i> (C, 78)	<i>El enamorado y el pez, frescos han de ser</i> (RM)	Necesidade (consello ou suxestión)
	<i>Llantos no se han de creer / de viejo, niño y mujer</i> (Calderón de la Barca, apud SC, 123)	<i>El lloro de la mujer, no es de creer</i> (RM)	Non necesidade ou exención
	<i>El cazador y el mentiroso, perdidos son si no son memoriosos</i> (C, 90)	<i>El mentiroso ha de ser memorioso</i> (RM)	Necesidade (consello ou suxestión)
	<i>El olivar, hacerte há bien si le haces mal</i> (C, 79)	<i>El olivar hacerte ha bien si le haces mal</i> (SC, 227)	Obriga externa social
	<i>El que ley establece, guardarla debe</i> (C, 93)	<i>El que ley establece, guardarla debe</i> (RM)	Obriga interna (moral)
	<i>Has de hacer, no lo quequieres, sino lo que debes</i> (C, 55)	<i>Habremos de vivir como podamos que no como queramos</i> (SC, 49)	Obriga externa social

Cabra va por viña, qual la madre tal la hija (MS, 164)	<i>La hija de la cabra, qué ha de ser sino cabrita (C, 191); El hijo de la cabra, siempre ha de ser cabrío (C, 108)</i>	<i>La hija de la cabra, ¿qué ha de ser sino cabrita? (RM; SC, 182) El hijo de la cabra, ¿qué ha de ser sino cabrío? (SC, 182)</i>	Obriga externa na- tural
	<i>No sólo ha de ser casta la mujer, mas débelo parecer (C, 229)</i>	<i>La mujer del César, además de ser honesta, debe parecerlo (RM)</i>	Obriga externa social (haber de + infinitivo) / Obriga interna natural (deber + infinitivo)
<i>El poluo de la oveja alcohol es para el lobo (MS, 251)</i>	<i>La oveja que ha de ser del lobo, es fuerza que lo sea (C, 168)</i>	<i>La oveja que ha de ser para el lobo, es fuerza que lo sea (RM)</i>	Obriga externa na- tural
	<i>Lo que has de dar al mur, dalo al gato, y quitarte ha de cuidado; aunque más come un gato de una vez, que un ratón en un mes (C, 197)</i>	<i>Lo que has de dar al rato, dáselo al gato (SC, 20); Lo que has de dar al mur, dalo al gato y sacarte ha de cuidado (SC, 24)</i>	Obriga externa social
	<i>Lo que no has de comer, déjalo bien cocer (C, 198)</i>	<i>Lo que no has de comer, dejadlo cocer (RM)</i>	Necesidade (consello ou suxestión)
	<i>Mal por mal no se debe dar (C, 444)</i>	<i>Mal por mal no se debe tomar (SC, 32)</i>	Obriga interna (moral)
	<i>Nadie puede servir á dos amos, y contentarlos á entrabmos (C, 208); No se puede servir á dos señores, ó nadie puede servir á dos señores (C, 228); No se puede servir á dos señores á un tiempo y tener á cada uno contento (C, 228)</i>	<i>Nadie puede servir a dos señores (RM; SC, 44); Quien a muchos amos sirve, a alguien ha de hacer falta (SC, 44); Nadie puede servir a dos amos y contentar a entrabmos (SC, 44); Nadie puede servir a dos señores a un tiempo y tener a cada uno contento (SC, 44)</i>	Prohibición externa natural (significado facultativo) ou prohi- bición externa social (significado episté- mico)
	<i>Nadie extienda la pierna, sino hasta donde la sábana llega (207).</i>	<i>No hay que extender la pierna más que lo que da de si la sábana (RM); Nadie extienda la pierna sino hasta donde la sábana llega (SC, 70)</i>	Necesidade (consello ou suxestión)
	<i>No hay que mentar la soga en casa del ahorcado (Quijote, apud SC, 112)</i>	<i>No hay que mentar la soga en casa del ahorcado (RM)</i>	Contra-obriga externa
Yo a buenas y vos a malas, no puede ser mas negro el cueruo que sus alas (MS, 703)	<i>No podía ser el cuervo más negro que las alas (Buscón, apud SC, 104; C, 146)</i>		Prohibición externa natural
	<i>En tu vida no has de darle consejo al que ha menester dinero (Calderón de la Barca, apud SC, 121)</i>	<i>Nunca des consejo al que no te lo pide (RM)</i>	Non necesidade ou exención
	<i>Por bien estar, mucho se ha de andar (C, 398)</i>	<i>Por bien estar, mucho se ha de andar (RM)</i>	Obriga externa social
Can con rauia a su dueño muerde (MS, 154)	<i>El can con rabia, de su dueño traba (C, 90)</i>	<i>Quien a su can quiere matar, rabia le ha de levantar (RM)</i>	Obriga externa social
Quien mal anda, en mal ha de caer (Berceo, apud SC, 80)	<i>Quien mal anda en mal acaba (Romance, 120 [1588], apud CORDE)</i>	<i>Quien mal anda mal acaba (RM)</i>	Obriga externa na- tural

<i>El deudor no se muera, que la deuda pagarse ha (MS, 253)</i>	<i>Si el deudor no se muere, la deuda no se pierde (C, 251)</i>		Obriga externa social
<i>Sy fuere el fablar / de plata figurado, / debe ser el callar / de oro afynado (Seb Tom de Carrión, apud SC, 83)</i>	<i>Quien tiene por qué callar, no ha de hablar o no hable (C, 342)</i>	<i>Siempre sale a hablar quien tiene por qué callar (RM)</i>	(Significado epistémico >) obriga externa social (> significado descriptivo)
<i>No dire que te vayas, mas hazerte e las obras (MS, 467)</i>	<i>Yo no te despido, mas hágote obras por donde te vayas o por donde lo hagas (C, 121)</i>		Obriga interna (moral)

7. Referencias bibliográficas

7.1. Bibliografía primaria

- BIZARRI, Hugo O. (2001): “La glosa de 1541 a *Los refráns que dicen las viejas tras el fuego*”, *Olivar*, 2 (2). [http://www.fuentesmemoria.fahce.unlp.edu.ar/art_revistas/pr.2905/pr.2905.pdf]. [4.5.2014].
- CORREAS, G. (1627/1906): *Vocabulario de Refráns i Frases Proverbiales i otras Formulas comunes de la lengua castellana*. Madrid: Establecimiento tipográfico de Jaime Ratés. [<https://archive.org/stream/vocabularioderef00corruoft#page/n3/mode/2up>]. [1.8.2014].
- REFRANERO MULTILINGÜE. Centro Virtual Cervantes, Instituto Cervantes. [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Default.aspx>]. [1.5.2014].
- SEVILLA, J. y CANTERA, J. (2008): *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán*. Salamanca: Diputación/Centro cultural.

7.2. Bibliografía secundaria

- AGUILAR RUIZ, Manuel José (2011): “Coñece-lo mundo baixomedieval hispánico a través dos seus refráns: *Los refráns que dizan las viejas tras el fuego*” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 13: 17-48.
- APEL, Karl-Otto (1985): *La transformación de la filosofía*. Madrid: Taurus.
- CONCA, María (1987): *Paremiología*. Valencia: Servei de Publicacions de la Universitat de València.
- CORTINA, Adela (2007): “Lo justo y lo bueno” en GÓMEZ, Carlos y MUGUERZA, Javier (eds.): *La aventura de la moralidad (paradigmas, fronteras y problemas de la ética)*. Madrid: Alianza; 382-404.
- CUETO VALLVERDÚ, Natalia (2002): *Representación e inferencia. El proceso de la interpretación*. Oviedo: Departamento de Filología Española de la Universidad.
- DÍAZ ÁLVAREZ, Jesús M. (2007): “La virtud” en GÓMEZ, Carlos y MUGUERZA, Javier (eds.): *La aventura de la moralidad (paradigmas, fronteras y problemas de la ética)*. Madrid: Alianza; 405-443.
- DÍAZ de RADA, Ángel (2010): *Cultura, antropología y otras tonterías*. Madrid: Trotta.

- ELVIRA, Javier (2004): “Modalidad e inferencia pragmática”, *Cahier de Linguistique hispanique médiévale*, 27; 37-54.
- (2006): “Sobre el desarrollo del valor epistémico del verbo *poder*”, en *Actas del VI Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*, vol. 1. Madrid: Arco/Libros; 641-653.
- ENRIQUE-ARIAS, Andrés (2009): “Introducción. Lingüística de corpus y diacronía de las lenguas iberorrománicas” en ENRIQUE-ARIAS, Andrés (ed.), *Diacronía de las lenguas iberorrománicas. Nuevas aportaciones desde la lingüística de corpus*. Madrid: Iberoamericana Vervuert; 11-21.
- FERNÁNDEZ DE CASTRO, Félix (1999): *Perífrasis verbales del español actual*. Madrid: Gredos.
- FERNÁNDEZ MARTÍN, Patricia (2014): “La expresión de la modalidad deónica en las paremias españolas: entre el *deber*, el *poder* y el *haber* de hacer”, *Paremia*, 23:2014; 79-89.
- (2013): “Del contexto sociocognitivo al cotexto lingüístico: algunas perífrasis de infinitivo en crónicas de Indias” en CAIRO CAROU, Heriberto; CABEZAS GONZÁLEZ, Almudena; MALLOGUTIÉRREZ, Tomás; del CAMPOGARCÍA, Esther y CARPIO MARTÍN, José (eds.): *XV Encuentro de Latinoamericanistas Españoles*. Madrid: Trama; 1121-1137. [<http://halshs.archives-ouvertes.fr/halshs-00876573>].[4.5.2014]
- (2014): “Cuestiones metodológicas en el estudio de las perífrasis verbales: interrelaciones entre sintaxis, semántica y pragmática” en GIRÓN ALCONCHEL, José Luis y SÁEZ de RIVERA, Daniel (eds.): *Los procesos de gramaticalización en la historia del español*. Madrid/Frankfurt: Iberoamericana/Vervuert; 119-158.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Luis (dir.) (2006): *Diccionario de perífrasis verbales*. Madrid: Gredos.
- GIRÓN ALCONCHEL, José Luis (1988): *Las oraciones interrogativas indirectas en español medieval*. Madrid: Gredos.
- (2005): “Gramaticalización y gramatización. Los futuros analíticos” en SANTOS RÍO, Luis; BORREGO NIETO, Julio; GARCÍA SANTOS, Juan Felipe; PRIETO DE LOS MOZOS, Emilio (eds.): *Palabras, norma, discurso en memoria de Lázaro Carreter*. Salamanca: Universidad; 581-592.
- GÓMEZ MANZANO, Pilar (1992): *Perífrasis verbales con infinitivo (valores y usos en la lengua hablada)*. Madrid: UNED.
- GÓMEZ TORREGO, Leonardo (1988): *Perífrasis verbales. Sintaxis, semántica y estilística*. Madrid: Arco/Libros.
- (1999): “Los verbos auxiliares. Las perífrasis verbales de infinitivo” en BOSQUE, Ignacio y DEMONTE, Violeta (coords.): *Gramática descriptiva de la lengua española* (2). Las construcciones sintácticas fundamentales. Relaciones temporales, aspectuales y modales. Madrid: Espasa; 3323-3389.
- HABERMAS, Jürgen (1989): *El discurso filosófico de la Modernidad*. Madrid: Taurus.
- HALLIDAY, M.A.K. y MATHIESSEN, Christian M.I.M (2014): *Halliday's Introduction to Functional Grammar*. Kent: Routledge.

- HEINE, Bernd (2003): “Grammaticalization” en JOSEPH, Brian D. y JANDA, Richard (eds.): *The Handbook of Historical Linguistics*. Oxford: Blackwell; 575-599.
- KABATEK, Johannes (ed.): *Sintaxis histórica del español y cambio lingüístico: Nuevas perspectivas desde las Tradiciones Discursivas*. Madrid/Frankfurt am Main: Iberoamericana/Vervuert.
- KAZUMI, K. (2003): “Las unidades fraseológicas del español: su distribución geográfica y variantes diatópicas”, *Epos: Revista de filología*, 19, 47-66.
- LYONS, John (1980): *Semántica*. Barcelona: Teide.
- MARTÍNEZ ÁLVAREZ, Josefina (1977-1978): “Poder + infinitivo”, en *Archivum*; 27-28, 397-414.
- MARTÍNEZ DÍAZ, Eva (2010): “La formación de analogía histórica de <DEBER + DE + INFINITIVO> a partir de <HABER + DE + INFINITIVO>: historia de la covariación con <DEBER + INFINITIVO>”, en *Lengua y Habla*, 14/1; 71-83.
- MORENO CABRERA, Juan Carlos (2004): *Introducción a la Lingüística. Enfoque tipológico y universalista*. Madrid: Síntesis.
- MORERA, Marcial (1991): *Diccionario crítico de las perifrasis verbales del español*. Puerto del Rosario: Servicio de Publicaciones del Cabildo Insular de Fuerteventura.
- MUGUERZA, Javier (2007): “Del Renacimiento a la Ilustración: Kant y la ética de la Modernidad” en Carlos GÓMEZ y Javier MUGUERZA (eds.): *La aventura de la moralidad (paradigmas, fronteras y problemas de la ética)*. Madrid: Alianza; 80-128.
- NYSTRAND, Martin et alii (1986): *The structure of written communication. Studies in Reciprocity between Writers and Readers*. Londres: Academic Press.
- OLBERTZ, Hella (1998): *Verbal Periphrases in a Functional Grammar of Spanish*. Berlín: Mouton de Gruyter.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2006): “El valor discursivo de los refráns” en *ELUA*, 20; 287-304.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2009): *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa.
- (2012): *Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego*. [s.l.]: Editorial Galaxia. [<http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/71d9f620-06b3-4aab-b19d-628b6586a696>]. [1.10.2014].
- RIDRUEJO, Emilio (1999): “Modo y modalidad. El modo en las subordinadas sustantivas” en BOSQUE, Ignacio y DEMONTE, Violeta (dirs.): *Gramática Descriptiva de la lengua Española*. Madrid: Espasa-Calpe; 3209-3251.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia (1987-1988): “Los universales paremiológicos en dos paremias heroicas” en *Revista de filología románica*, 5; 221-234
- (1993): “Las paremias españolas: clasificación, función y correspondencia francesa” en *Paremia*, 2; 15-20.
- (1996): “Sobre la paremiología española” en *Euskera*, XLI (2. Aldia); 641-672.
- SEVILLA, Julia y CANTERA, Jesús (2008): *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán*. Salamanca: Diputación/Centro cultural.

- TRAUGOTT, Elizabeth Closs y DASHER, Richard B. (2002): *Regularity in semantic change*. Cambridge: Cambridge University Press.
- YLLERA, Alicia (1980): *Sintaxis histórica del verbo español: las perifrasis medievales*. Zaragoza: Universidad.
- (1999): “Las perifrasis verbales de gerundio y participio” en BOSQUE, Ignacio y DEMONTE BARRETO, Violeta (coords.): *Gramática descriptiva de la lengua española* (2). Las construcciones sintácticas fundamentales. Relaciones temporales, aspectuales y modales. Madrid: Espasa, 3392-3441.

7.3. Páxinas web (consultadas no mes de setembro de 2014)

- Analizador morfosintáctico Mystilus*. [http://www.mystilus.com/Analizador_morfosintactico#].
- COVARRUBIAS HOROZCO, Sebastián (1611): *Tesoro de la lengua española o castellana*. Madrid. [<http://fondosdigitales.us.es/fondos/libros/765/556/tesoro-de-la-lengua-castellana-o-espanola/>].
- (1726-1739): *Diccionario de Autoridades*. [- <http://web.frl.es/DA.html>].
- DAVIES, Mark. (2002-): *Corpus del Español: 100 million words, 1200s-1900s*. [<http://www.corpusdelespanol.org>].
- Real Academia Española. *Banco de datos (CORDE): Corpus diacrónico del español*. [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>].
- (2001): *Diccionario de la lengua española* (22^a.ed.). [<http://www.rae.es/rae.html>].